

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

---



→ RELIXIÓN CATÓLICA

**CURSO: 2º CICLO EDUCACIÓN INFANTIL**

**ANO ACADÉMICO: 2020/2021**

**CENTRO: CEIP DE AGOLADA**

## INDICE

	Páxina
1.- INTRODUCCIÓN .....	3
2.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	3
3.- OBXECTIVOS .....	6
4.- CONTIDOS .....	9
5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	12
6.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	13
7.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .....	14
8.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	14
9.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	16
10.- RECURSOS DIDÁCTICOS.....	16
11.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	17

## **1. INTRODUCCIÓN**

A Lei Orgánica da Educación, 2/2006 do 3 de maio, ten en conta na Disposición Adicional Segunda o dereito dos pais a formación relixiosa e moral dos seus fillos, segundo as súas conviccións, establecendo que o ensino da relixión incluírase como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

Neste marco, a ensinanza da relixión e moral católica preséntase como una opción libre para os alumnos e obrigatoria para os centros.

O ensino da relixión católica na escola atense á finalidade propia de esta, que é a formación plena do alumno/a mediante os sistemas propios de aprendizaxe que se concretan no currículo e no seu desenvolvemento. Contribúe á calidade da educación dende a proposta e desenvolvemento duns coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu propio currículo. Faino promovendo uns valores común e propios que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

Os principios, valores e actitudes que xeran os elementos básicos do cristianismo, axudan o alumnado a situarse fronte a tradición cultural, e polo tanto a insertarse criticamente na sociedade.

As aportacións da relixión fan posible unha maneira de ser e de vivir no mundo.

## **2. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

A acción educativa en Educación Infantil ven determinada por unhas finalidades educativas que preparan aos alumnos/as para a adquisición das Competencias Básicas na Educación Primaria.

### **Competencia en comunicación lingüística:**

- Comprender a información visual de esceas ilustradas sobre a vida de Xesús e a dos cristiáns.
- Comprender o contido dun relato bíblico contado.
- Expresar de forma clara e coherente feitos da vida de Xesús
- Interpretar a mensaxe de Xesús.
- Achegarse á linguaxe simbólica relixiosa propia da súa idade.
- Achegarse á linguaxe litúrxica.
- Recitar e memorizar oracións e cancións de contido relixioso en lingua propia.
- Relatar vivencias persoais.
- Ter unha actitude favorable á expresión das propias emocións.
- Utilizar o diálogo para a resolución de conflitos.

### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:**

- Adquirir hábitos para coidar o corpo.
- Valorar positivamente as diferenzas na aparencia física das persoas.
- Valorar, admirar e coidar a natureza como creación de Deus.
- Fomentar o coidado do medio.
- Fomentar o uso responsable dos recursos naturais.
- Situar-se no tempo respecto aos días festivos.
- Identificar elementos relixiosos do ámbito inmediato.
- Identificar manifestacións artísticas propias da Relixión Católica.

### **Competencia social e cidadá:**

- Aprender a mellorar as súas relacións.
- Participar e colaborar na vida familiar con actitudes de servizo.
- Aceptar as normas que rexen os xogos.
- Participar na vida escolar.
- Achegarse ao valor do perdón como expresión do amor de Deus.
- Desenvolver valores de solidariedade e cooperación.
- Achegarse ao valor da misericordia, a xustiza e o servizo.

### **Competencia cultural e artística:**

- Comprender e representar imaxes con distintos materiais plásticos.
- Expresar ideas e sentimentos de forma creativa.
- Utilizar o corpo como elemento expresivo na súa apertura á transcendencia.
- Utilizar os sentidos na observación de obras de arte cristiás.
- Coñecer e valorar algúns exemplos da presenza do feito relixioso do seu ámbito na súa expresión artística.
- Interpretar cancións e representacións dramáticas de contido relixioso.
- Mostrar interese por coñecer tradicións relixiosas.
- Apreciar o valor cultural da literatura a través da escoita e a comprensión de relatos bíblicos.

### **Autonomía e iniciativa persoal:**

- Valorar o seu corpo e as súas posibilidades.
- Iniciarse na formación dunha personalidade baseada en valores evanxélicos.
- Elixir de forma autónoma actitudes evanxélicas fronte ás situacións conflitivas.
- Colaborar cos demais para a consecución de obxectivos comúns.

### **Competencia matemática:**

- Situarse no tempo respecto aos días festivos e ao ciclo litúrxico.
- Utilizar cuantificadores temporais no referente á vida dos cristiáns.

### **Tratamento da información e competencia dixital:**

- Mostrar interese pola linguaxe audiovisual.
- Buscar e utilizar información en distintos soportes.
- Utilizar as tecnoloxías da información como transmisoras de coñecemento.

### **Competencia para aprender a aprender:**

- Utilizar a observación.
- Ilusionarse por ir descubrindo a mensaxe de Xesús.
- Asumir actitudes propias de cristiáns.

### **3. OBXECTIVOS**

#### **3 ANOS**

- Expresar sentimentos e emocións.
- Desenvolver valores e actitudes de respecto e alegría.
- Sentirse membro da familia.
- Ser conscientes dos coidados que recibimos das persoas que nos queren.
- Agradecer o coidado, a protección e a educación que se recibe da familia.
- Respetar e coidar os amigos e compañeiros de clase.
- Respetar ás persoas e os elementos do propio ámbito, coidalos e preocuparse de eles.
- Respetar os animais, coidalos e preocuparse deles.
- Preparar unha festa de despedida.
- Descubrir que Deus é Padre Creador.
- Coñecer os relatos bíblicos da Anunciación a María e do nacemento de Xesús.
- Valorar que Xesús actúa como Bo Pastor.
- Recoñecer que Xesús é amigo de todos e nos quere.
- Coñecer o relato bíblico da Última Cea.
- Recoñecer á Virxe María na arte.
- Recordar momentos da vida de María.
- Valorar e describir elementos relixiosos cristiáns: a Biblia.
- Familiarizarse co símbolo cristián do pan.
- Comparar a propia casa coa de Xesús.
- Descubrir a igrexa como lugar de reunión dos amigos de Xesús.

## 4 ANOS

- Aprender a amar os demais como Deus nos ama.
- Respectar as diferenzas.
- Comportarse como bos compañeiros.
- Valorar a necesidade de coidar a Creación.
- Descubrir a variedade de paisaxes do mundo que Deus nos regalou.
- Aprender a coidar a Creación.
- Diferenciar entre luz e escuridade.
- Preparar a celebración do Nadal.
- Descubrir que actitudes nos achegan á mensaxe do Nadal.
- Descubrir formas de colaboración familiar.
- Mostrar gratitude polo corpo que Deus nos regalou.
- Valorar o coidado da familia.
- Valorar a actitude de Xesús de responder ás nosas necesidades.
- Recoñecer a importancia de colaborar na aula.
- Aprender a coidar das persoas do ámbito.
- Aprender a xogar en equipo.
- Recoñecer as festas familiares, cristiás e populares.
- Coñecer que Xesús morreu e resucitou por nós.
- Descubrir o símbolo da cruz.
- Valorar as calidades propias e dos demais.
- Recoñecer as celebracións como momentos de encontro e de alegría.
- Identificar a igrexa como lugar de celebración.
- Coñecer como a familia nos axuda a crecer e a aprender a ser maiores.
- Familiarizarse coa devoción á Virxe María.
- Coñecer a alegría do perdón.
- Aprender a pedir perdón e a perdoar os demais, como ensina Xesús.
- Preparar a despedida do curso e o inicio das vacacións.

## 5 ANOS

- Valorar e respectar os compañeiros rexeitando actitudes de discriminación.
- Descubrir a importancia das relacións de amizade.
- Desenvolver valores e actitudes evanxélicos.
- Valorar a Creación como obra de Deus.
- Aprender a tomar decisións altruístas.
- Identificar a Biblia.
- Dar as grazas a Deus pola obra creada.
- Respectar e apreciar as celebracións tradicionais do Nadal.
- Identificar a coroa de Advento como obxecto simbólico.
- Mostrar interese por ter actitudes baseadas no amor.
- Valorar e agradecer a Deus por darnos unha familia que nos coida.
- Agradecer a Deus o propio crecemento.
- Valorar e agradecer a Xesús a súa capacidade de coidar ás persoas.
- Desenvolver a confianza na familia, a reconciliación e o perdón.
- Descubrir a oración como diálogo con Deus.
- Descubrir a Deus como Padre Bueno.
- Identificar manifestacións culturais da fe cristiá.
- Coñecer o relato bíblico: a Última Cea e o lavatorio de pés.
- Descubrir o valor cristián de coidar dos demais.
- Valorar o domingo como día de festa para os amigos de Xesús.
- Coñecer que os cristiáns forman a gran familia dos amigos de Xesús.
- Descubrir e valorar a misión da Igrexa.
- Apreciar e agradecer as mostras de amor recibidas da persoa que nos coida e quérenos.
- Descubrir como María acompaña a Xesús nos principais momentos da súa vida.
- Valorar e admirar a entrega e a valentía de todos os santos da Igrexa.
- Valorar as manifestacións artísticas relixiosas.



## 4. CONTIDOS

### 3 ANOS

- Relato bíblico de La Creación.
- Deus é Padre e coida os seus fillos e fillas.
- A Virxe María, a Nai de Xesús.
- Os principais personaxes relacionados co nacemento de Xesús.
- A manifestación do amor cristián: repartir alegría e felicidade aos que nos rodean.
- As relacións cos demais.
- Os membros da familia e as actividades diarias.
- O relato bíblico de Xesús cos mestres da lei.
- O relato bíblico da ovella perdida.
- Xesús coida das persoas e preocúpase por elas.
- Os sentimentos de alegría e de unidade familiar nas celebracións.
- O pan e o viño como símbolos que fan presente a Xesús.
- Xesús é a luz do mundo e todos podemos ser luz cando amamos e compartimos.
- Os bos amigos.
- O relato bíblico de Xesús e os nenos.
- As calidades das nais e das persoas que nos coidan.
- A Virxe María na arte.
- María na vida de Xesús.
- A igrexa como casa de Xesús.
- Os amigos de Xesús reúnen-se na igrexa todos os domingos.

## 4 ANOS

- O comportamento cos amigos: o respecto.
- O relato bíblico de Noé.
- A Creación, obra e regalo de Dios Padre aos seus fillos.
- O relato bíblico do nacemento de Xesús.
- A estrela de Belén, Xesús é Luz.
- A celebración do Nadal.
- O relato bíblico da multiplicación dos pans e os peixes.
- O relato bíblico do bo samaritano.
- Os amigos de Xesús.
- A celebración das festas.
- O Domingo de Ramos.
- A auga como símbolo de nova vida e da resurrección de Xesús.
- As celebracións, momentos de encontro e alegría.
- O relato bíblico do gran de mostaza.
- A igrexa, lugar de encontro e celebración dos amigos de Xesús.
- A beleza e a diversidade das igrexas.
- María, Nai de Xesús e Nai de todos.
- Discriminación entre actitudes respectuosas coa Creación e actitudes que a prexudican.
- Identificación do símbolo da cruz.
- Discriminación dos sentimentos relacionados co perdón.
- Xestos de perdón e reconciliación.
- Xestos alegría e de tristura.
- Valoración das diferenzas entre os compañeiros como riqueza.
- Respecto cara ás normas de convivencia.
- Actitudes propias da mensaxe do Nadal.
- Valoración do propio corpo e da familia.
- Actitude de compartir con xenerosidade.
- A colaboración e o respecto na aula.
- María ensina a dicir "si" a Deus.

## 5 ANOS

- O relato bíblico da Creación.
- A colaboración das persoas na obra creadora de Deus.
- Festas e tradicións do Nadal: a Noiteboa e o belén.
- O Advento: a preparación do Nadal.
- Relatos bíblicos de Nadal.
- A mensaxe do Nadal, presenza do amor de Deus.
- Relato bíblico sobre a infancia de Xesús.
- Relato bíblico da curación dun paralítico.
- Os amigos de Xesús falan con Él.
- O Nosopai.
- Relato bíblico do fillo pródigo.
- Manifestacións cristiás propias de Semana Santa: as procesións.
- Relatos bíblicos sobre a Última Cea, a morte e a resurrección de Xesús.
- Simboloxía do gran que morre e dá unha nova vida.
- O domingo, o día de festa cristiá.
- Escenas da vida de María e Xesús.
- María como Nai dos cristiáns.
- A oración do Avemaría.
- Mostras de cariño e amor.
- Os santos como modelo de vida cristiá.
- San Martín de Porres.
- Análise de manifestacións artísticas relixiosas.
- Expresión da gratitude.
- Mostras de gratitude cara á nai ou a persoa que nos coida e protexe.
- Participación alegre e responsable nas festas.
- O respecto, a valoración e a aceptación dos demais.
- A resolución de conflitos: pedir perdón.
- Os valores evanxélicos: compartir.
- Admiración e coidado do libro sagrado da Biblia.
- Coidado do corpo como regalo de Deus.

- Actitude de axuda e colaboración ante as necesidades dos demais.
- Actitudes que achegan a Deus: o perdón.
- Actitudes que causan alegría ou tristura.
- Respecto e aprecio polos cristiáns, amigos de Xesús.
- Respecto e admiración polo labor que leva a cabo a Igrexa.

## **5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Tal como indica o currículo oficial os criterios na Educación Infantil pretenden ser para o profesor de Relixión algúns indicadores na avaliación continua e observación dos nenos para poder reconducir a súa propia aprendizaxe. Coñecer o neno e axudalo no seu crecemento é o criterio esencial. Calquera avaliación que se pretenda nesta etapa deberá realizarse globalmente coas mutuas observacións e informacións dos restantes ámbitos de experiencia.

### **3 ANOS**

- Identificar algúns referentes relixiosos do seu ámbito: o Neno Xesús, imaxes da Virxe María.
- Usar algunhas das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu vocabulario: Xesús, María, Nadal, igrexa.
- Mostrar unha actitude de respecto cara a símbolos e edificios relixiosos, como a cruz e a igrexa.
- Recoñecer cando obra de forma correcta na escola e na casa, e mostrarse contento.

### **4 ANOS**

- Recoñecer e identificar algúns referentes relixiosos do seu ámbito: a Biblia, o belén, a cruz, imaxes de María, as igrexas.
- Usar algunhas das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu vocabulario: Deus, Xesús, María, Nadal, Pascua, igrexa.
- Mostrar unha actitude de respecto cara a símbolos e edificios relixiosos, como a Biblia, a cruz, a igrexa e as imaxes de María.

- Respeitar as normas de convivencia e mostrarse contento por saber comportarse como un bo compañeiro ou compañeira.
- Descubrir valores cristiáns que facilitan a convivencia, como compartir, o respecto e o perdón.

### **5 ANOS**

- Recoñecer e identificar algúns referentes relixiosos do seu ámbito: a Biblia, a coroa de Advento, o belén, a cruz, imaxes de María, as igrexas, as procesións de Semana Santa, o pan e o viño da Eucaristía e as imaxes de santos.
- Usar algunhas das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu vocabulario: Dios Padre, Creación, Creador, Advento, Xesús, María, Noiteboa, belén, Nadal, Semana Santa, procesións, Última Cea, resurrección, Pascua, igrexa, cristiáns, santos, oración.
- Mostrar unha actitude de respecto cara a signos, símbolos e edificios relixiosos, como a Biblia, a cruz, a igrexa, o pan e o viño da Eucaristía, o altar, o sagrario e as imaxes da igrexa.
- Coñecer que para os cristiáns Deus é un Pai bo que ama a todos, que Xesús é o seu Fillo que naceu en Belén e que María é a súa nai.
- Respeitar as normas de convivencia e mostrarse contento por esforzarse para comportarse ben na clase e na casa.
- Descubrir valores cristiáns que facilitan a convivencia, como a gratitude, a atención ás necesidades dos demais, a xenerosidade, o respecto polas diferenzas, o perdón e a reconciliación.

### **6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación na Educación Infantil debe vincularse ao desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe. Nesta etapa serve para detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnos así como as súas aprendizaxes, sempre en función das características individuais de cada un. A avaliación permítenos axustar a práctica educativa ás necesidades de cada un dos alumnos/ás.

Proponse realizar a avaliación en tres momentos diferentes:

- **Avaliación inicial:** valoración do grao de madurez e dos coñecementos en relación á área de Relixión Católica do neno ou a nena ao inicio de curso.
- **Avaliación continua:** permite recoller todos os avances e progresos dos diferentes ámbitos de experiencia.
- **Avaliación final:** infórmanos dos progresos alcanzados polo neno/a.

## 7. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- A observación é un proceso de atención sostida e voluntaria que se realizará mediante:
  - Rexistros anecdóticos.
  - Escalas de observación.
  - Diario de clase.
- Análise de tarefas mediante:
  - Análise dos materiais/fichas de clase do alumno.
  - Xogos de simulación e dramáticos.

## 8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A práctica educativa en Educación Infantil permite diferentes enfoques metodolóxicos, sen embargo é conveniente considerar algunhas ideas fundamentais que han de sustentar a acción didáctica. Estes principios ofrécense como referentes para orientar a práctica docente na Educación Infantil:

- Enfoque globalizador. Este enfoque permite que os nenos e nenas aborden as experiencias de aprendizaxe de forma global, poñendo en xogo de forma interrelacionada mecanismos afectivo, intelectuais e expresivos.

- Aprendizaxe significativa. Aprender de forma significativa e con sentido require establecer numerosas relacións entre o que xa se coñece e o que se ha de aprender, e ten como consecuencia a integración dos coñecementos, o que permitirá aplicar o aprendido nunha situación a outras situacións e contextos.
- O xogo. O xogo é un dos principais recursos metodolóxicos desta etapa. A través dos xogos (motores, de imitación, de representación, expresivos, simbólicos...) nenas e nenos aproxímanse ao coñecemento do medio que os rodea, ao pensamento e ás emocións propias e dos demais.
- O papel activo do alumnado. A actividade infantil é un requisito indispensable para o desenvolvemento e a aprendizaxe. Os nenos e nenas destas idades han de aprender facendo, nun proceso que require observación, manipulación, experimentación e reflexión.
- O contexto. Á hora de planificar as prácticas educativas hai que ter en conta que non todos os contextos presentan as mesmas características e potencialidade educativa. Os elementos físicos (materiais, espazo, tempo), culturais (hábitos, normas, valores) e afectivo-sociais (relacións entre nenos, familias, outros adultos) poden permitir ou inhibir o desenvolvemento das capacidades dos nenos e nenas.
- Os espazos. Todos os espazos da escola deben considerarse potencialmente educativos en tanto que son escenarios de acción-interacción-comunicación. O seu organización debe orientarse cara á satisfacción das necesidades e atender os intereses das persoas que nel conviven: de movemento, afecto, xogo, exploración, comunicación, relación, descanso, aprendizaxe compartida, comunicación, etc. Este curso contamos cun aula de Relixión.
- Os materiais. A selección de materiais diversos ha de favorecer o descubrimento, permitir a observación, a simbolización e a representación. Poden considerarse materiais educativos aqueles elementos e obxectos de calquera orde cos cales os nenos e as nenas interactuar e xeran aprendizaxes.
- O tempo. O tempo ha de ser entendido, nesta etapa, como instrumento ou ferramenta útil para a organización da vida escolar pero tamén como

elemento que contribúe ao proceso de construción persoal dos nenos e das nenas. Debe de organizarse de xeito flexible e natural para que sexa posible non só a actividade senón tamén o contacto persoal, a participación, a reflexión e o debate.

## **9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

As medidas de atención á diversidade oscilan nun continuo que abarca desde a prevención á intervención directa específica. Non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de distintos tipos de medidas.

Por regra xeral as medidas sempre tenderán a ir do máis ordinario ao máis extraordinario, das situacións máis normalizadoras ás menos normalizadoras.

As medidas de atención á diversidade adoptadas aparecen reflectidas no Plan de Atención á Diversidade.

Programaranse actividades de reforzo e ampliación para alumnos/as que o precisen.

Contaremos sempre co apoio do equipo de Orientación seguindo as súas pautas e orientacións sobre as medidas a tomar nos diferentes casos.

## **10. RECURSOS DIDÁCTICOS**

- Materiais para facer manualidades: lapis, gomas de borrar, ceras, papel continuo, tesoiras, plastilina, etc.
- CD-ROM de Recursos Didácticos.
- Contos para traballar valores.
- Caderno de fichas fotocopiáveis.
- Materiais elaborados polo mestre/a que imparte a área.



## **11. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Para avaliar a adecuación da programación á consecución dos obxectivos educativos propostos valoraranse:

- Os resultados das avaliacións e a porcentaxe de alumnado que supera os contidos da materia.
- Nivel de competencia acadado vocabulario adquirido, destreza no uso de programas informáticos, uso da biblioteca.